


**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**C.E.I.P. PLURILINGÜE CONDESA DE FENOSA**

**Tlf: 988.321.060. Fax: 988.325.969 E-mail: [ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es](mailto:ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es)**

**Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS**

# **PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR REVISIÓN CURSO 2016-2017**



# **PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR. REVISIÓN CURSO 2016-2017**

## **1 INTRODUCCIÓN**

## **2 BASE LEGAL**

## **3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CONTEXTO**

- 3.1** Realidade do centro
- 3.2** Situación actual da convivencia

## **4 CONCRECIÓN DO PLAN**

- 4.1** OBXECTO , FINS E PRINCIPIOS DO PLAN
- 4.2** OBXECTIVOS XERAIS
- 4.3** OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
  - 4.3.1** Obxectivos para o profesorado
  - 4.3.2** Obxectivos para o alumnado
  - 4.3.3** Obxectivos para as familias
  - 4.3.4** Obxectivos para o persoal non docente
- 4.4** DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS A DESENVOLVER
  - 4.4.1** Estratexias de intervención
    - 4.4.1.1** Prevención e detección de conflitos
    - 4.4.1.2** Medidas e actuacións
      - 4.4.1.2.1** Accións para a consecución dos obxectivos
      - 4.4.1.2.2** Concreción das actuacións
  - 4.4.2** ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO
    - 4.4.2.1** Normas de convivencia do centro
    - 4.4.2.2** Relación de condutas contrarias á convivencia e clasificación
    - 4.4.2.3** Condutas leves contrarias á convivencia
    - 4.4.2.4** Condutas graves prexudiciais para a convivencia
    - 4.4.2.5** Gradación das medidas correctoras
    - 4.4.2.6** Competencia das medidas
  - 4.4.3** PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS
    - 4.4.3.1** Protocolo en caso de conflito leve ou grave
    - 4.4.3.2** Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso

- 5 COMISIÓN DE CONVIVENCIA**
- 6 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**
- 7 ESCOLA DE NAIS E PAIS**
- 8 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN**
- 9 SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 10 ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**
- 11 ANEXOS**

## 1. **INTRODUCCIÓN**

Entendemos a **Convivencia escolar** como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias e demais persoal.

O presente **Plan de Convivencia Escolar** trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, de establecer as normas que a regularán e de plasmar as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo,

### **Puntos de partida**

**Marco legal existente:** visión preventiva, construtiva, positiva, comunicativa e integrada.

**Marco teórico,** que recoñece o papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura de paz.

**Reflexións** de todo o claustro sobre o modelo de convivencia do noso centro.

Os **principais piares** que regulan a convivencia no centro son a comunicación, o diálogo, o respecto, a valoración da diversidade, a cooperación, a empatía, a asunción de compromisos e a tolerancia.

O colexio é un ente dinámico e cambiante, no que coexisten diversos grupos humanos. O clima de convivencia que nel se xera é froito dun **proceso de construción colectiva no que se require a implicación de todos os membros.**

Para que o plan sexa realmente efectivo, debe ser **coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa:** alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.

O enfoque da intervención é:

**Preventivo fronte a reactivo:** desenvolve habilidades sociais ante posibles conflitos.

**Participativo:** busca a implicación activa e o consenso da comunidade.

**Ecléctico:** xestiona a convivencia no centro combinando:

**Modelo integrado:** inxerido no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na cultura do centro.

**Modelo relacional: baseado no diálogo e o consenso.**

**Modelo sancionador: baseado na aplicación de sancións como consecuencias naturais de determinadas accións.**

A finalidade deste plan de convivencia será, polo tanto, promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia.

## 2. BASE LEGAL

Constitución Española: Artigo 27.2.

Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz. (6-10-99).

Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005).

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

Artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro

Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

**Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño.**

Artigo 13ª do decreto anterior que desenvolve a estrutura do Plan de convivencia.

## 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

Centro	CEIP Plurilingüe "Condessa de Fenosa"	Código	32015116
Tlf	988.321.060	Fax	988.325.969
Enderezo	R/ Coruña, 24	CP	32300
Localidade	O Barco de Valdeorras	Provincia	Ourense
e-mail	<a href="mailto:ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es">ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es</a>	Páxina web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa</a>

O colexio consta de dúas liñas: 12 unidades de Educación Primaria e 6 de Educación Infantil. É considerado centro de escolarización preferente para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, nel funcionan dúas Aulas Específicas, unha delas recoñecida no catálogo de postos de traballo do centro. Ten implantada a xornada partida.

O centro conta cos servizos de transporte e comedor escolar e escolariza un total de 365 alumnos/as, repartidos entre as etapas de Infantil (102) e Primaria (263). Conta con 34 profesores/as, dos que 26 teñen destino definitivo.

Ademais no colexio traballan un conserxe, tres auxiliares técnico educativas, unha cociñeira e tres axudantes de cociña, así como nove coidadoras de comedor.

### 3.1 Realidade do centro

O CEIP Plurilingüe "Condessa de Fenosa" está situado na vila de O Barco de Valdeorras (Ourense), que conta cos servizos axeitados para satisfacer as necesidades principais da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, facenda, lecer e espectáculos.

A maioría das familias do centro teñen unha estrutura convencional, aínda que, cada

vez, é máis común a existencia de familias diversas. A meirande parte teñen un nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria do concello, aínda que existe unha porcentaxe considerable de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira.

En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co centro. Existe un AMPA moi participativa e colaborativa.

Hai un baixo índice de absentismo escolar. Existen problemas puntuais controlados polo profesorado titor e remitidos aos Servizos Sociais do Concello.

O centro ten unha distribución peculiar dos espazos e quédase pequeno para dar cabida á gran cantidade de alumnado que fai uso de el.

O equipo docente é bastante estable, dinámico e implicado en distintos proxectos.

Para unha información máis detalla do contexto, remitímonos ao Proxecto Educativo de Centro.

### **3.2. Situación actual da convivencia**

En liñas xerais a situación actual da convivencia no noso colexio é boa e satisfactoria.

Si ben é certo que na **relación entre o alumnado** non se observan serios problemas, aparecen con frecuencia conflitos que son resoltos con distintas medidas, en función da importancia do problema.

A meirande parte deles acostuman estar relacionados coa perda de respecto entre iguais ou coa perda de respecto ao profesorado; excesivo ruído ao falar e linguaxe incorrecta.

Nestes últimos cursos observamos un empeoramento no comportamento do alumnado que se reflicte na forma en que se comunican entre eles, no seu compromiso coas normas, coa actitude que amosan ante o profesorado e no clima da aula.

A **relación entre o profesorado** é en xeral fluída e agradable, a pesar de ser un claustro moi numeroso.

A **relación coas familias** é polo xeral bastante correcta. A maior parte delas implícanse moito e colaboran en gran maneira.

En canto á **relación con outras institucións:**

- O **Concello** organiza puntualmente actividades extraescolares nas que participa o centro: Educación Viaria, Semana da Natureza, actividades deportivas e de ocio. Colabora tamén con Asociacións Culturais como Vagalume, Cruz Vermella... Encárgase da limpeza do centro, dos gastos de luz e do mantemento do ascensor. Realiza actuacións de mellora e conservación no edificio.
- **Servizos Sociais:** debido ao elevado número de casos que demandan este servizo, existe unha estreita colaboración.
- **Asociacións** do contorno de diversa índole: Fundación Arela, Asociacións Culturais etc.

Os **tipos de conflitos máis frecuentes** que atopamos no centro son:

- **Entre o alumnado:**
  - Interrupcións do traballo ou das explicacións na aula. Distracción e falta de atención.
  - Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.

- Perda de respecto entre iguais ou ao profesorado durante o período lectivo.
  - Desobediencia ás ordes educativas do profesorado.
  - Distinto grao de aceptación das normas e do "diferente".
  - Problemas de absentismo ou impuntualidade.
  - Problemas familiares.
  - Problemas no patio motivados por conflitos pola distribución dos espazos ou pola relación cos iguais: agresións verbais, físicas, comentarios discriminatorios, illamento.
  - Pequenos furtos.
  - Excesiva competitividade.
- **Entre o profesorado:**
    - Distinto grao de asunción de determinados compromisos tomados polo claustro.
    - Diferencia de visión ou interpretación dunha norma establecida.
- **Entre as familias:**
    - Falta de colaboración e implicación.
    - Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.
    - Posta en dúbida do labor do profesorado.
    - Sobreprotección como estilo educativo parental.
    - Problemas persoais que repercuten no benestar do alumnado.

A convivencia no centro pode verse condicionada por unha serie de **factores** entre os que podemos citar:

- **O contorno social:**
  - O colexio enclávase nunha zona de poboación heteroxénea en canto a súa procedencia, na que conviven distintas culturas, o que implica, nalgúns casos, a mobilidade do alumnado, que comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.
  - Por outra banda, os sectores clave da comarca están a ser desmantelados, diminuíndo ás expectativas de obter traballo na zona e incrementando o número de parados e de persoas que ven reducido o seu salario.
- **O contorno cultural:**
  - A oferta cultural nesta bisbarra é ampla: biblioteca, ludoteca, actividades extraescolares do concello, conservatorio, escola de gaitas, piscina, zonas de libre acceso a internet...
  - Constatamos unha falta de conciencia e coñecemento das posibilidades do contorno cultural existente. Pode condicionar a asistencia ás mesmas que algunhas non son gratuítas.

- **O contorno físico:**
  - A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos. O colexio distribúese en tres edificios independentes: pavillón, “A Casiña” e o edificio principal que ten dous andares e numerosas escaleiras. Existen tres patios interiores.
  - A distribución dos espazos do patio e a súa escasa dotación é susceptible de xerar conflitos.
  - O reducido tamaño das aulas de Primaria. Este factor, sumado ás elevadas ratios, provoca tamén dificultades na convivencia.
  - Os comedores do centro quédanse pequenos para o elevado número de usuarios.
  - O uso dos espazos comúns é, en ocasións, fonte de problemas que debemos ter en conta.

## **4. CONCRECIÓN DO PLAN**

### **4.1. Obxecto, fins e principios do plan**

- **Fins e principios do plan de convivencia**
  - a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
  - b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
  - c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
  - d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
  - e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
  - f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar
  - g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar .
  - h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación



sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

#### • **4.2 Obxectivos xerais**

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas .
- f) Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais
- j) Contribuír, desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, especialmente das competencias social e cívica.

#### **4.3. Obxectivos específicos**

- a) **Fomentar a convivencia** no Centro e entre os membros da Comunidade Educativa.
- b) **Conseguir un clima de convivencia** adecuado e que facilite a aprendizaxe.
- c) **Desenvolver estratexias e recursos** para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Fomentar os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de

aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto cara a unha sociedade diversa e igualitaria.

- f) Contribuír á **información e sensibilización** da Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- g) Facilitar a conciliación e/ou mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- h) Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- i) Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
- j) Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- k) Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- l) Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- m) Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- n) Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- o) Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- p) Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- q) Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- r) Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- s) Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
- t) Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva
- u) Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos). Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.

- v) Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...

- **4.3.1. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO**

1. Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
2. Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.
3. Utilizar metodoloxías que potencien o respecto e a solidariedade entre o alumnado: aprendizaxe cooperativo, traballo en grupo, tutoría entre iguais etc.
4. Promover e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, bases dos valores democráticos, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
5. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
6. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
7. Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia, violencia, acoso... (V. Anexo)
8. Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuízos.
9. Fomentar a propia formación en temas relacionados coa convivencia.

- **4.3.2. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO**

1. Participar no regulamento das normas de convivencia do centro e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
2. Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
3. Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
4. Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados, de xeito pacífico.
5. Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
6. Facer un uso positivo da linguaxe, asertivo, libre de violencia e prexuízos.

- **4.3.3. OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS**

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, AMPA, Comisión de convivencia.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
3. Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
4. Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder

previr os mesmos.

5. Facer un uso positivo da linguaxe, asertivo, libre de violencia e prexuízos.

- **4.3.4. OBXECTIVOS PARA O PERSOAL NON DOCENTE**

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello escolar e Comisión de convivencia.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, e poñelas en coñecemento do equipo directivo.
3. Facer un uso positivo da linguaxe, asertivo, libre de violencia e prexuízos.

#### **4.4. Descrición das actuacións, medidas ou programas a desenvolver**

A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia é o eixe fundamental sobre o que xira o proxecto educativo do noso centro, con todo o que iso implica.

As actividades que se veñen realizando neste centro no tema da convivencia están en relación directa ou indirecta coa mesma. A continuación ofrécese un resumo das medidas e actividades levadas a cabo:

- **Alumnado:**

- Posta en práctica do **Plan de acollida** ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa nova familia.
- Participación na **elaboración das normas da aula**. Difusión e coñecemento das mesmas.
- **Participación nas festas, saídas, excursións, teatro, convivencias...**
- Actividades para mellorar o nivel de integración na aula

- **Profesorado:**

- **Metodoloxía:** traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores...
- Traballar na aula programas para a adquisición de habilidades e competencias sociais.
- **Difusión das normas** entre o alumnado e **debate** das mesmas.
- **Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.**
- **Reunións trimestrais coas familias** co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...
- **Convivencia co alumnado** en contextos distinto ao escolar: festas, saídas, excursións, convivencias, festivais e celebracións...

- **Centro:**

- Fomentar a implementación de programas para a adquisición de habilidades e competencias sociais.
- Organización de actividades para a **acollida do novo profesorado** desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
- **Difusión das normas de convivencia** e **revisión** cada curso das mesmas, procurando actualizalas ás novas situacións.
- **Elaboración e difusión do presente Plan de Convivencia.**
- Organización de **actividades lúdicas de convivencia do profesorado.**
- Fomento da **apertura do centro** nas actividades máis sinaladas.
- Reunións coas familias sobre temas de interese.

- **Familias:**

- Organización de **actividades lúdicas para o alumnado:** teatro representado polos pais, O Martes Conto, festa de fin de curso...
- Participación e colaboración nas actividades propostas polo centro.

- **Actividades máis puntuais:**

- Axenda 21: A reciclaxe selectiva, A contaminación acústica, Patrullas verdes
- As festas: Nadal, Día da Paz, Entroido....
- Convivencias.
- Proxecto documental integrado sobre a convivencia.
- Comisión permanente de alumnado para elaborar as normas, velar polo seu cumprimento e propor solucións cando sexa necesario.

#### **4.4.1. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

##### **4.4.1.1. PREVENCIÓN E DETECCIÓN DE CONFLITOS**

- O profesorado do centro en xeral e os titores en particular, mediante a propia acción titorial e a través do contacto permanente co alumnado e a relación estreita coas familias serán os principais axentes para previr e detectar posibles conflitos no Centro. Esta prevención e detección levarase a cabo:
  - Mediante actividades que faciliten a acollida, participación e integración do alumnado.
  - Mediante actividades que dean resposta axeitada á diversidade.
  - Mediante colaboración e coordinación estreita entre profesorado e familia.

- Estudando o clima da clase e realizando sociogramas cando se considere oportuno.
- Programando espazos e tempos para a solución pacífica dos conflitos.
- Programando reunións entre profesorado titor, coordinadores, orientadora e director para poñer en común posibles conflitos.
- Realizando titorías coas familias: trimestralmente colectivas, nas que se abordará o clima de aula e individuais nas que as familias poden aportar información.
- Realizando enquisas anónimas onde o alumnado, familias e profesorado poidan opinar sobre a marcha da convivencia no centro.
- Nomeando alumnado observador: calquera alumno que poida ser testigo dunha agresión etc.
- Nomeando alumnado acompañante: alumnos de cada grupo-clase pendentes de apoiar a outros alumnos novos ou con problemas de integración,
- Tomando medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco (entradas, saídas, recreos...).
- Fomentando canles de comunicación para poder informar de posibles situacións de conflito.
- Ademais crearase ou actualizarase a **Comisión de Convivencia**, durante o primeiro trimestre do curso escolar.
- **Debatiranse as normas de Convivencia** entre o profesorado do Claustro os primeiros días do curso.
- **Desenvolverase e difundirase o Plan de Convivencia** a toda a Comunidade Educativa. Para iso:
  - **Informarase ás familias** das normas na primeira reunión do curso.
  - **Programarase un tempo na aula** para dar a coñecer as normas, debatelas e asumir o compromiso coas mesmas.
  - Organizaranse charlas para alumnado e familias sobre acoso escolar.
  - Poñeranse en práctica os **protocolos** para atallar as incidencias do alumnado que presente alteracións de comportamento.
  - Participarase en **actividades extraescolares** e todas aquelas programadas polo centro.
  - Levaranse a cabo accións de sensibilización ante o acoso, a violencia de xénero e calquera tipo de discriminación.
  - Daranse a coñecer os canles que faciliten as vítimas a exteriorización dunha posible situación de acoso
  - Difundiranse entre o profesorado as medidas que deben adoptarse en caso de conflito leve, grave ou en caso de acoso entre iguais.

#### - **4.4.1.2. Medidas de actuación**

- Todos os sectores da comunidade educativa consideran a vía do **diálogo** como o mellor medio para a resolución de situacións conflictivas, que deben ser tratadas en

primeiro lugar por profesorado, alumnado e familias afectadas e, soamente en determinados casos que revistan maior gravidade, requirirán a intervención do consello escolar ou da comisión de convivencia.

- Cada titor cubrirá o **parte de incidencias** cando se produza algunha e poñerá o mesmo a disposición de todo o profesorado que imparta docencia na súa titoría.
- Cando as condutas contrarias ás normas de convivencia sexan graves, o Xefe de Estudos gravará as mesmas no sistema de xestión de centros coas medidas disciplinarias impostas, nun prazo dun mes desde que estas se producisen.

#### **4.4.1.2.1. ACCIÓNS PARA A CONSECUCCIÓN DOS OBXECTIVOS**

- Actuacións preventivas e de sensibilización: resolución de conflitos, violencia sexista, racismo, acoso...
- Actividades para a integración e participación do alumnado.
  - Uso de metodoloxías favorecedoras da convivencia.
  - Focalizar a atención nas condutas positivas.
  - Aprendizaxe cooperativa.
  - Agrupamentos flexibles.
  - Uso do alumno acompañante e do círculo de amigos.
  - Deixar tempos e espazos para a resolución pacífica dos conflitos.
  - Caixa de correo da aula.
  - Rincón de resolución de conflitos.
  - Rincón da calma e mesa da paz.
  - Servir de modelo na aula para mellorar a convivencia.
  - Levar a cabo un traballo sistemático de competencias socio emocionais dentro da aula.
- Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
  - Mellorar o intercambio de información familias-centro-alumnado.
  - Utilizar as reunións coas familias para falar do clima de convivencia na aula.
  - Garantir canles de información recíproca: axenda
  - Realizar actividades nas que estean implicadas as familias.
  - Fomentar a participación das familias na aula.
  - Fomentar o diálogo permanente entre profesorado e familias.
  - Aprender estratexias relacionadas coa disciplina positiva.
  - Charlas coas familias sobre temas do seu interese.
- Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente, dos distintos equipos docentes e a orientadora.
  - Establecer debates profesionais entre o profesorado. En caso de conflito, proceder a través de técnicas de mediación baseadas no diálogo e no respecto, tentando de facer converxer as crenzas, expectativas...

- Actuar de xeito coordinado todo o profesorado do centro.
- Elaborar normas consensuadas e contextualizadas.
- Revisar e aplicar o Plan de Acción Titorial, como ferramenta para traballar de xeito organizado e sistemático os aspectos relacionados coa convivencia.
- Potenciar a acción titorial.

#### **4.4.1.2.2. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS**

CONCRECIÓNS DAS ACTUACIÓNS		
Actuacións preventivas e de sensibilización		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade educativa	Equipo directivo Profesorado titor Departamento de orientación	Presentación do Plan de Convivencia a toda a comunidade: reunións de principios de curso, charlas, web
Alumnado	Profesorado titor	Debater sobre a necesidade das normas para vivir en comunidade: debates, traballos en equipo, dinámicas, xogos
Alumnado Familias Profesorado	Profesorado Departamento de Orientación Outros	Asesorar ao profesorado no tema da convivencia. Formar ao alumnado e familias no tema de convivencia. Charlas Dinámicas de grupo
Alumnado Profesorado	Titores Profesorado Departamento de Orientación CCP	Avaliar o clima da clase trimestralmente e analízalo nas reunións de ciclo, nas sesións de avaliación ou de CCP
Alumnado	Titor Departamento de orientación	Sensibilizar contra o maltrato entre iguais: charlas, debates, material impreso ou virtual etc
Alumnado	Titor Departamento de orientación	Sensibilizar contra a violencia de xénero ou ante calquera tipo de discriminación: charlas, debates, material impreso ou virtual etc
Alumnado Familias	Titores Equipo Directivo XDO Outros: Servizos sociais, Menores...	Coordinar as accións cos axentes extraescolares relacionados coa resolución dos conflitos no centro
Actividades para a integración do alumnado		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Alumnado	Titores Profesorado	Establecer canles para facilitar a comunicación e a integración do



	Departamento de orientación	alumnado: convivencias, actividades extraescolares, dinámicas etc
Alumnado	Titores Profesorado Departamento de Orientación	Tratar en tutoría aspectos susceptibles de alterar a convivencia e o bo clima na clase: resolución de conflitos de xeito dialogado etc.
Alumnado	Titores	Caixa do correo da aula: deixar tempos e espazos que favorezan a resolución de conflitos dialogadamente
Alumnado	Titores Profesorado Departamento de Orientación	Mesa da paz e Rincón da calma onde se poidan resolver conflitos internos e conflitos externos dialogadamente
Alumnado	Titores Profesorado Departamento de orientación	Fomentar o autocontrol e asertividade mediante o traballo das habilidades sociais: sesións dirixidas etc
Alumnado	Titores Profesorado Departamento de orientación	Uso de metodoloxías favorecedoras da convivencia: focalizar a atención nas condutas positivas, aprendizaxe cooperativa, agrupamentos flexibles, alumno titor etc
Alumnado	Titores Profesorado	Servir de modelo na aula para mellorar a convivencia: estilo positivo de afrontamento dos conflitos, promover hábitos de convivencia e participación a través de procedementos democráticos etc
Alumnado	Alumnado Profesorado Titores	Alumnado acompañante e círculo de amigos: alumnado que se ocupa de apoiar aos alumnos de novo ingreso ou aos que teñen dificultades de integración
Alumnado	Titores Departamento de orientación	Plan de Acollida: realización de actividades para atender adecuadamente ao alumnado de recente incorporación
Alumnado	Departamento de orientación Titor	Tomar as medidas pedagóxicas pertinentes respecto ao alumnado que presenta alteracións conductuais que dificulten a convivencia
<b>Actividades que favorezan a relación de familias e centro</b>		
<b>Destinatarios</b>	<b>Responsables</b>	<b>Procedementos</b>
Familias	Profesorado	Información sobre a normativa

	Titores	referida a convivencia ao alumnado a través das reunións e titorías
Familias	Titores Profesorado Alumnado	Utilización da axenda escolar
Familias	Departamento de orientación Outros	Charlas para as familias. Edu charlas.
Actuacións conxuntas		
Destinatarios	Responsables	Procedementos
Comunidade	Reunións de "ciclos" Comisión Pedagóxica Claustro	Análise do profesorado na primeira reunións de "ciclo" do clima do centro e realizar propostas de actuación. Estudio das propostas presentadas e aceptación das liñas de actuación a seguir.
Comunidade	Reunións de "ciclos" Comisión Pedagóxica Claustro	Análise trimestral nos "ciclos" das accións propostas e posibles modificacións.
Comunidade	Reunións de "ciclos" Comisión Pedagóxica Claustro	Revisión trimestral da CCP das liñas de actuación sobre a convivencia.
Comunidade	Reunións de "ciclo" Comisión Pedagóxica claustro	Revisión das normas de convivencia.
Comunidade	Equipo Directivo Claustro	Unificación dos criterios de aplicación das normas do centro
Comunidade	Titores Profesorado CCP	Fomentar cultura de tolerancia e respecto: celebracións e conmemoracións, campañas de solidariedade
Comunidade	Reunións de "ciclos" Comisión Pedagóxica Claustro	Revisión do PAT: levar a cabo un traballo sistemático de competencias socio emocionais dentro da aula.
Comunidade	Equipo Directivo Titores	Control e seguimento dos partes de incidencias
Comunidade	Equipo Directivo	Coordinar actuacións entre Equipo Directivo, Departamento de Orientación, AMPA, coidadoras de comedor etc

## **4.4.2. ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO**

### **4.4.2.1. NORMAS DE CONVIVENCIA**

- As normas de convivencia estarán recollidas no documento: *Normas de organización e Funcionamento* (en adiante NOF).
- Terán unha **redacción en positivo**, tentando ser **eficaces, claras e realistas**.
- Na súa realización, fomentárase a **participación de todos os membros** da comunidade escolar, buscando o **consenso e o compromiso** na toma de decisións.
- Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de incumprimento.
- É importante que quen sexa sancionado coñeza de antemán a **vinculación entre a incumprimento da norma e a consecuencia da mesma**. (V. Anexo)
- As normas xerais do centro teñen como **referente** os seguintes aspectos:
  - **Asistencia e puntualidade**.
  - Respecto a **integridade física e a dignidade** da persoa.
  - **Respecto e adecuada utilización dos bens** que forman a Comunidade Educativa: edificio, mobiliario, instalacións , material de Centro, material persoal...
  - **Respecto á reserva de acceso a determinadas zonas** do Centro: sala de computadores, aulas en tempo de patio...
  - Mantemento dunha **actitude correcta na clase**.
  - **Tolerancia** ante a diversidade, respectando as características e as diferenzas de cada persoa.
  - **Corrección no trato social**, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e o seguimento das regras básicas de urbanidade.
  - Interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
  - **Respecto polo traballo** de todos os membros da Comunidade Educativa.
  - Coidado no **aseo e imaxe persoal** e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
  - En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente, no presente plan e no NOF.

### **4.4.2.2. RELACIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CLASIFICACIÓN**

- Na medida di posible tentarase traballar desde a perspectiva da disciplina positiva e a educación emocional, facendo que o alumno se responsabilice dos seus actos e asuma que estes teñan unhas consecuencias. Mais poden existir casos nos que pola natureza da conduta, sexa necesario tomar outro tipo de medidas. Na adopción destas medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia seguiranse os **criterios** que se indican a continuación:
- As condutas contrarias á convivencia cometidas por un alumno/a clasifícanse en **condutas leves contrarias á convivencia** e **condutas gravemente prexudiciais**

**para a convivencia.**

- **Calquera profesor/a testemuña dunha falta está facultado para tomar a medida correctora correspondente**, segundo establece o NOF.
- Se ten consideración de gravemente prexudicial para a convivencia, o poñerá en coñecemento do Equipo Directivo e do titor/a, que tomarán as medidas pertinentes.
- **A toma de medidas correctoras terá unha finalidade e un carácter educativo e recuperador.**

Ademais terán en conta os seguintes aspectos:

- Non se lle privará a ningún alumno/a do exercicio do seu dereito á educación nin á escolaridade. Non se entende como tal o cambio de centro nin a suspensión da asistencia ás clases previstas nas posibles medidas correctoras.
- Non se imporán correccións contrarias á dignidade persoal nin a integridade física do alumnado.
- Teranse en conta a idade, situación e circunstancias persoais, familiares e sociais do alumnado.
- As sancións serán proporcionais á natureza e gravidade das condutas contrarias á convivencia e deberán contribuír á mellora da mesma.

#### **4.4.2.3. Condutas leves contrarias á convivencia**

<b>Condutas leves contrarias á convivencia</b>	<b>Correccións</b>
Faltas inxustificadas de <b>puntualidade</b> .	- <b>Amoestación oral e privada</b> do profesorado titor.
Faltas inxustificadas de <b>asistencia</b> a clase, que se son reiteradas, convértense en graves.	- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
Reiterada asistencia ao centro sen o <b>material e o equipamento preciso</b> para participar activamente no desenvolvemento das clases	- Realización de traballos específicos en horario lectivo
<b>Condutas que perturban</b> o desenvolvemento habitual das actividades do aula e do centro: charlar durante a explicación, correr polos corredores, berrar...	- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
<b>Falta de colaboración sistemática</b> do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo.	- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas
As <b>condutas que poidan impedir</b> ou dificultar <b>o exercicio do dereito de</b>	- Cambio de grupo por un período de ata unha semana
	- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado

<p><b>estudar</b> polos seus compañeiros.</p>	<p>haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo</p>
<p>A <b>incorrección e desconsideración</b> no trato cara aos outros membros da comunidade educativa</p>	<p>– Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>
<p>Causar <b>pequenos danos nas instalacións</b>, recursos materiais ou documentos do centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.</p>	<p>– Requirir ao alumno/a a entrega de calquera obxecto prohibido no recinto ou potencialmente perigoso, que será depositado en Dirección á disposición do pai/nai unha vez remate a xornada escolar, sen prexuízo das correspondentes medidas disciplinarias.</p>
<p>Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido pola súa potencial perigosidade.</p>	<p>–</p>
<p>Usar material ou acceder a certas áreas do centro sen supervisión do profesorado.</p>	<p>–</p>
<p>– As medidas correctoras impostas por condutas leves contrarias á convivencia, deberán ser susceptibles de ser encadradas en algún dos supostos previstos no artigo 43 do decreto 8/2015.</p> <p>– As condutas leves contrarias á convivencia prescribirán no prazo dun mes. O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada. Neste caso o prazo de prescrición non comezará a contarse ata que a conduta non cese.</p> <p>– Os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa (art. 26 do decreto 8/2015).</p> <p>– As medidas 7 e 8 requiren resolución expresa por escrito, que deberá ser comunicada á familia e á comisión de convivencia do centro.</p> <p>– Logo desta notificación o afectado ou os seus representantes legais poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución á maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva. O resto das medidas non requiren de resolución expresa por escrito. Non obstante, no caso de entender que as condutas leves contrarias á convivencia que sancionan poderán ser tidas en conta a efectos de determinar unha posible falta grave por reiteración de condutas leves, haberá que facer facelo constar por escrito e comunicarllo ao/á afectado/a ou ás súas persoas responsables, segundo proceda</p> <p>– A reiteración ten que producirse dentro do mesmo curso escolar. Aquelas condutas leves contrarias á convivencia que non consten previamente por escrito non poderán ser estimadas a estes efectos</p>	

#### 4.4.2.4. Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia

Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia	Medidas correctoras
A <b>reiteración de calquera falta leve.</b>	– <b>Amoestación oral e privada</b> do profesorado titor.
A <b>deterioración grave das instalacións</b> , recursos materiais ou documentos do centro, ou as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa de xeito intencionado.	– <b>Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</b>
A <b>subtracción</b> das pertenzas dos membros da comunidade educativa.	– <b>Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</b>
<b>Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas ou calquera outra condición.</b>	– <b>Cambio de grupo.</b> – <b>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</b>
A <b>agresión física ou psíquica, inxurias, ofensas graves, ameazas ou coaccións</b> contra calquera membro da comunidade educativa.	– <b>Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</b>
As <b>ameazas ou coaccións</b> contra calquera membro da comunidade educativa	– <b>Cambio de centro</b>
Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e persoal de servizos.	
A grabación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á intimidade, a imaxe ou a dignidade da persoa.	
Actuacións que constitúan acoso escolar.	
Actuacións gravemente perxudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación aos mesmos.	
Actos inxustificados que perturben o	

desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as complementarias e extraescolares.	
Incuprimiento das sancións impostas	
Suplantación de personalidade en actos da vida docente ou falsificación, alteración ou sustracción de documentos académicos.	
Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido pola súa potencial perigosidade e negativa ou resistencia á entregalo cando o require o profesorado.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As condutas gravemente perxudiciais para a convivencia prescribirán no prazo de catro meses da súa comisión . O prazo de prescripción comezará a computarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada. Neste caso o prazo de prescripción non comezará a contarse ata que a conduta non cese. Ademais interromperá a prescripción a iniciación, co coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, reanudándose o cómputo do prazo de prescripción en caso de producirse a caducidade do procedemento.</li> <li>- As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón</li> </ul>	

#### **4.4.2.5. Gradación das medidas correctoras**

- Para a gradación das medidas correctoras terase en consideración:
  - Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e do cumprimento espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
  - Existencia de intencionalidade ou reiteración de condutas.
  - Difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
  - A natureza dos perxuizos causados.
  - O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.

#### **4.4.2.6. Competencia das medidas**

- Na aplicación de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia hai diferentes persoas competentes para a súa aplicación segundo o seguinte cadro

<b>Medida</b>	<b>Docente</b>	<b>Titor</b>	<b>XE</b>	<b>Director</b>
Amoestación privada ou por escrito	x	x	x	x

Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados	x	x	x	x
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	x	x	x	x
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro		x	x	x
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas			x	x
Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			x	x
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				x
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				x

O profesorado do centro elaborará un documento que deberá conter, segundo se establece no artigo 37 do decreto, como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase,



agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa.

### **4.4.3. Protocolos e programas específicos**

#### **4.4.3.1. Protocolos en caso de conflito leve ou grave**

En caso de conflito leve ou grave o titor dará resposta ao mesmo aplicando o NOF e o Plan de Convivencia (Ver Anexo).

- **Determinación do procedemento de corrección**
  - A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixiados, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
  - A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola orientadora e polo profesorado titor/a do alumno/a ao que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
  - Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
  - Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado.
  - Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre o alumno/a e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.
- **Inicio do procedemento de corrección**
  - No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ao alumno/a ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixi-la mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.
  - Nos casos en que se lles ofrecese ao alumno/a ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.
  - Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.
  - A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.
- **A persoa instrutora terá as seguintes funcións:**
  - Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
  - Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
  - Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar.

- Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
- A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, do decreto 8/2015 de 8 de xaneiro e comunicaráselle á Inspección Educativa.

### – *Procedemento conciliado*

- O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno/a corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
- Para aplicalo hai que cumprir os seguintes requisitos.
  - Que o alumno/a responsable dalgunha conduta gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
  - No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
- O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
  - Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
  - Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
  - Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
- . Desenvolvemento do procedemento conciliado
  - Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instructor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
  - Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/ e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
  - Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
  - A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
  - Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a
  - O acordo consensuado polas partes será ratificado polo director.
  - O incumprimento por parte do alumno/a das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
  - O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común.
  - No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.
  - A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

### – *Procedemento común*

- O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando o alumno/a ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
- O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector.
- A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro

designada como persoa instrutora.

- A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta do alumno/a, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.
- A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.
- Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

#### - *Terminación*

- Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:
  - a) Feitos probados.
  - b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
  - c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
  - d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.
- A dirección do centro notificaralle por escrito ao alumno/a ou, de ser menor de idade, ás persoas proxenitoras ou representantes legais deste a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.
- As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia dos alumno/as ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destes, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos
- As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

#### - **Compromisos educativos para a convivencia**

- En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se o alumno/a corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste asinan un compromiso educativo para a convivencia.
- Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete o alumno/a ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aqueles se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
- A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte do alumno/a ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.
- Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destes compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

#### - **4.4.43.2. Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso**

Ante calquera sospeita dunha situación de intimidación, maltrato ou acoso activarase rapidamente o protocolo para acoso entre iguais (Ver anexo). En liñas xerais:

#### **1. Primeira fase: Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.**

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I).
  - Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno/a ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa/s directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director
  - É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; tutoría;

comunicación verbal etc

- Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
  - Vixilancia específica das persoas indicadas.
  - Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
  - Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
  - Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
  - Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II).
  - O director do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade.
  - No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexo III e IV).
  - O director, coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias.
  - As familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos ocorridos e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información.
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V).
  - A dirección do centro designará unha persoa responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta: feitos e trámites realizados pola dirección do centro ata o momento deste nomeamento; a copia dos partes de incidencia e das medidas correctoras de todo o curso que lle afecte ao alumnado implicado; os datos de absentismo escolar e o informe dos titores deste alumnado.
  - Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar.
  - En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos.
  - O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado, de forma que se facilite a colaboración entre estes e a comunicación de calquera incidencia relevante que puidese acaecer con respecto á situación denunciada.
  - A persoa que desempeñe esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro e ter coñecementos no uso das TIC.

- Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (anexo VI).
- Cando o considere oportuno, o director poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais..)
- Sempre deberá respectarse a confidencialidade.

## **2. Segunda fase: Recollida de información. Rexistro.**

- Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (anexo VIII).
  - O obxectivo desta entrevista será proporcionarlle apoio e protección ao alumnado vítima de acoso.
  - Cando o alumno/a entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.
- Entrevista individual á/s persoa/s responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (anexo IX).
  - O obxectivo desta entrevista será o de recoller a información dende o punto de vista da persoa/s agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tomen conciencia das consecuencias da súa conduta para a vítima e para eles mesmos.
  - Cando o alumno/a entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.
  - É conveniente que as entrevistas sexan individuais, pois, no caso de varias persoas acosadoras, o grupo tendería a minimizar o problema e diluír a responsabilidade entre os seus membros, dificultando a admisión da súa culpa.
- Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X).
  - Recollida de información das persoas "espectadoras/observadoras", que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes.
  - Cando o alumno/a entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.
  - Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.
  - No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.
- Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XI e XII).
  - Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.
  - É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta de cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, contándolles os seguintes pasos da intervención para a atallar o problema.
  - Entrevista coa familia da vítima (anexo XI). Necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas para a súa protección.
  - Entrevista coa familia da persoa ou persoas acosadora/s (anexo XII). Necesaria

para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo/a, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

- Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII).
  - A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico da persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o considere necesario e oportuno para o desenvolvemento do proceso.
- Solicitud de asesoramento a outros organismos, especialmente no caso de ciberacoso (anexo XIV).
  - Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso. Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e asesoramento a organismos ou axentes externos ao centro como: • Axencia Española de Protección de Datos • Policía Local e/ou Policía Autonómica • Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional • Outros Unha vez rematado o proceso de recollida de información, rexistraranse nun documento todos os datos relevantes para proceder á súa análise.

### **3. Terceira fase: Análise da información e adopción de medidas**

- Análise da información (anexo XV).
  - Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida, na fase anterior, de varias fontes. Resulta imprescindible ordenar adecuadamente as actuacións e garantirlles a información aos implicados sobre o proceso desenvolvido ata o momento e a discreción no tratamento dos datos e da información obtida.
  - Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño.
  - Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes.
  - As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario.
  - Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:
    - Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
    - Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
    - Ao profesorado titor do alumnado implicado.

- Aos servizos competentes (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía de Menores, servizos sociais...), cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo. Aspecto este último que será de obrigado cumprimento nos casos de especial gravidade e aqueloutros recollidos na lexislación establecida para o efecto, tal como se indica no punto 4 deste documento, referido a aspectos xurídicos da responsabilidade do centro.
- Adopción de medidas (anexo XVI).
  1. Medidas de protección á vítima.
  2. Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa ou persoas agresora/s.
    - Medidas reeducadoras para a persoa ou persoas agresora/s .
    - Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII).
  3. Outras medidas.
  4. Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX).
- Cando se confirme acoso e se proceda á tramitación do expediente disciplinario.
- Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia.
- Cando o solicite de oficio a Inspección educativa.
- Recollerá toda a información obtida, as actuacións realizadas e as datas e información complementaria relevante.

#### **4. Cuarta fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.**

- Rexistro (anexo XX).
  - Seguimento da situación coa intencionalidade de que non se volva producir e observación dos cambios no comportamento das persoas implicadas.
  - Programar encontros periódicos para ver se as medidas foron acertadas. A dirección do centro informará a inspección educativa.

### **ADOPCIÓN DE MEDIDAS**

#### **- Adopción de medidas.**

- Por en marcha, de forma inmediata, unha serie de medidas no centro, nas aulas afectadas, co alumnado implicado e coas familias.
- Terán carácter educativo, tendente á toma de conciencia dos feitos, ao cambio de conduta e reparación do dano causado, ademais de garantir o respecto dos dereitos do alumnado.
- Esta proposta realizarase por escrito, será responsabilidade da Dirección do centro, podendo solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e a Comisión de convivencia do centro.

#### **- Medidas urxentes de protección integral da vítima.**

- Garantir a protección integral e o apoio á vítima.
- Activar os medios para que non se produzan novas agresións.
- De colaboración familiar para o control dos seus fillos/as.
- Asignación dunha persoa responsable de apoio e atención a vítima.
- Reorganización do horario do profesorado para unha mellor atención da vítima.
- Concertar encontros periódicos para facer seguimento da situación.
- Tutoría individualizada da persoa acosada e acosadora/a e grupal da súa aula e proporcionar pautas, técnicas etc.

- Actividades enfocadas á mellora das habilidades sociais.
  - Revisar urxentemente a utilización de espazos e tempos do centro.
  - Organización de grupos de axuda entre iguais.
  - Cambio de grupo temporal ou definitivo. Da persoa ou persoa/s acosadora/s logo de expediente disciplinario.
  - Apertura de expediente disciplinario (cando se confirme acoso).
  - Derivación a servizos profesionais externos cando se considere oportuno.
  - Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito pode ser constitutivo de delito.
- **Medidas reeducadoras e correctoras para a persoa/s agresora/s.**
- Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente disciplinario, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:
  - Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
  - Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
  - Formación de equipos de mediadores.
  - Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
  - Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro.
  - Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
  - Solicitud de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
  - Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.
- **Medidas correctoras para a persoa/s agresora/s**
- Unha vez confirmada a situación de acoso, tramitarase o oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.
  - Para a tramitación deste expediente disciplinario, a dirección do centro facilitaralle á persoa que o tramite a seguinte documentación:
    - Normativa de referencia.
    - Esquema cos pasos e prazos que hai que seguir para a súa tramitación (anexo XVII).
    - Modelos do procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario, sexa mediante un procedemento común ou, de ser o caso, mediante un procedemento conciliado de corrección (anexo XVIII).
  - As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:
    - Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á



mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

#### - **Outras medidas**

- Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador
  - Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
  - Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
  - Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
  - Analizar as consecuencias dos comportamentos.
  - Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.
- Coas familias
  - Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
  - Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
  - Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
  - Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
  - Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
  - Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).
- Co equipo docente
  - Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
  - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
  - Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas

de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.

- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

## **5. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

A Comisión de Convivencia está dentro do Consello Escolar e debe ser un órgano importante para coordinar os programas que se levan a cabo no centro e para velar polo cumprimento do Plan de Convivencia.

Procurará integrar o principio de igualdade entre sexos en canto a súa composición. Estará composta por representantes do alumnado, profesorado, das familias e do persoal non docente, na mesma proporción que no Consello Escolar.

Será presidida polo director, que nomeará a unha das persoas integrantes como secretaria.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión corresponde ao director. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Reunirse tres veces ao longo do curso, unha por trimestre. Ademais o Director, ou a terceira parte dos seus membros, poderán convocar extraordinariamente aquelas que estimen oportuno ao longo do curso,

Cando a Comisión considere poderá pedir asesoramento doutros servizos: Departamento de orientación, profesorado titor, educadora social etc.

As funcións da Comisión de Convivencia atópanse recollidas no artigo 6.4 no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Sen menoscabo de ditas actuacións, marcadas pola normativa, cada centro pode concretar as propias. Mais a Comisión de Convivencia, por delegación do Consello Escolar exercerá as seguintes:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

## **6. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

– A aula de convivencia inclusiva será un recurso do centro ao abeiro do Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro para o tratamento puntual do alumnado que estivese temporalmente suspendido do seu dereito de asistencia á aula como consecuencia da imposición de medidas correctoras.

– Neste espazo tratarase de axudar a reflexionar ao alumno sobre o as circunstancias e o comportamento que motivaron a súa presenza na mesma, así como de adquirir compromisos de cambio de conduta.

– Os motivos para acudir a aula de convivencia inclusiva son impedir gravemente o normal desenvolvemento da clase ou as repetidas condutas contrarias ás normas de convivencia.

– Será unha medida a tomar despois de esgotar as demais medidas e estratexias e previa á decisión doutras medidas sancionadoras, como pode ser a expulsión do centro.

– A decisión de ser enviado á aula de convivencia será do Equipo Directivo, despois de ser informado polo titor que cubrirá o parte de incidencias. A familia do alumno será informada inmediatamente da medida a tomar.

– Na aula de convivencia, o alumno realizará os traballos propostos polo seu titor e ademais cubrirá unha ficha de reflexión. Posteriormente asinará un compromiso e realizará tarefas relacionadas coa convivencia e a resolución de conflitos de xeito pacífico.

– Na aula de convivencia estará acompañado por un membro do Equipo Directivo, pola orientadora ou por un mestre de garda. Manterase informado ao xefe de estudos e ao titor constantemente.

## **7. ESCOLA DE NAIS E PAIS**

Parécenos interesante fomentar a colaboración entre escola e familias coa finalidade de marcar unha mesma liña de traballo. Con este motivo o centro organizará unha serie de charlas para as familias co propósito de compartir experiencias e aprender sobre temas relacionados directamente coa convivencia. Estas iranse

organizando ao longo do curso.

## **8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo de Centro (PEC) e da Programación Xeral Anual (PXA) sendo coherente cos principios que se derivan dos mesmos.

No PEC están incluídos os fins educativos que orientan o Plan de Convivencia. Na PXA incorporaranse as actuacións previstas no Plan de Convivencia para o curso académico.

A orientadora poderá asesorar ao Equipo Directivo, á Comisión Pedagóxica e ao profesorado cando se considere oportuno.

No Plan de Orientación Anual teranse en conta as directrices previstas no plan de convivencia.

Así mesmo no Plan de Acción Titorial prestarase especial atención á educación na convivencia e na resolución de conflitos.

O Equipo Directivo será responsable de velar polo funcionamento do Plan coordinando as actuacións levadas a cabo entre o profesorado, a CCP, o Departamento de Orientación e a Comisión de Convivencia, así como de informar de todo ao Consello Escolar.

O profesorado e especialmente os titores serán os encargados de facer chegar as propostas e inxerencias á CCP, que trimestralmente debateranse pola Comisión de Convivencia.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Revisar o PAT	Reunirse por "ciclos" para revisar este documento e incluíndo medidas que fomenten a convivencia	Profesorado CCP DO Equipo Directivo	Trimestralmente
Consensuar unha metodoloxía facilitadora dun clima positivo	Autoavaliación da práctica docente. Debate no ciclo	Profesorado CCP DO	Durante todo o curso
Revisar o Plan de Convivencia	Reunirse por ciclos para revisar este documento	Profesorado CCP Comisión de Convivencia DO Equipo Directivo	Trimestralmente
Revisar o NOF	Reunirse por ciclos	Profesorado	Anualmente

	para revisar este documento	CCP Consello Escolar DO Equipo Directivo	
Establecer reunións entre docentes	Sistematizar reunións para intercambiar experiencias e materiais	Profesorado Equipo Directivo	Durante todo o curso
Accións prioritarias do Departamento de Orientación	Revisar que se teñan en conta as directrices do Plan de Convivencia nas accións prioritarias do departamento.	Departamento de Orientación	Principio de curso

## **9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA**

A dirección do centro garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da comunidade educativa.

En canto ao centro, o profesorado titor levará a cabo unha análise inicial do seu grupo para detectar posibles problemas de convivencia e realizará un breve informe escrito con propostas de actuación que trasladará ás reunións de "ciclo".

Nestas reunións, cando menos unha vez por trimestre, revisaranse as incidencias, planifícanse as liñas de actuación conxuntas e avalíaranse as medidas levadas a cabo. Pode aproveitarse a reunión na que asista a orientadora do centro.

A persoa que exerza a coordinación trasladará a revisión do clima do centro feita no ciclo e as posibles modificacións á última reunión da Comisión Pedagóxica (CCP) do trimestre.

A CCP revisará os informes presentados polos ciclos e as liñas de actuación do centro en materia de convivencia escolar. Ademais realízase unha avaliación do cumprimento do plan e trasladase a información ao Claustro e ao Consello Escolar, representado pola Comisión de Convivencia..

En última instancia é a esta comisión á que lle corresponde a tarefa de facer o seguimento e a avaliación do plan de Convivencia cunha periodicidade trimestral.

A **avaliación** do plan realízase atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Valoración dos resultados.
- Conclusións e propostas de mellora, que serán recollidas no informe anual de análise da convivencia.
- Avaliación do proceso e dos resultados.

- Documentación elaborada.

Os **instrumentos de avaliación** utilizados serán:

- Cuestionarios incluídos en anexos.
- Rexistros do cumprimento do plan.
- Observación directa.
- Memorias do centro.

O Equipo Directivo levará a cabo o control e seguimento dos partes de incidencias e coordinará as actuacións do Equipo Directivo cos ciclos, co Departamento de Orientación, coa AMPA, coa Comisión de Convivencia e co persoal coidador do comedor.

Ademais realizarase unha revisión anual do Plan ao comezo de cada curso escolar, para analizar a evolución do estado da convivencia no Centro e incorporar ao plan as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior, procedéndose así a súa actualización.

Esta revisión será aprobada polo Consello Escolar e incluída no Proxecto Educativo do Centro.

## **10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Despois da aprobación e difusión do Plan de Convivencia no Claustro e no Consello Escolar procederase a súa difusión a través dos medios posibles: charlas, reunións, páxina web do centro etc.

- Información das normas de convivencia cos cadernos de principio de curso
- Reunións ao comezo de curso con profesorado para presentar o Plan.
- Reunións de titores e familias no mes de outubro.

O profesorado do centro traballará a resolución de conflitos e recordará as normas de convivencia sempre que o estime necesario.

O profesorado titor incluírá o tema da convivencia nas reunións de pais trimestrais.

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido e aplicado por toda a comunidade educativa, asíc omo coas normas de convivencia.

## **11. ANEXOS**

Móstranse a continuación.